



## **Benvida recepción participantes no Consello de Asuntos Económicos e Financeiros ECOFIN**

### **Salón nobre do Pazo de Raxoi**

**Xoves 14 de setembro ás 20:00h**

Boa tarde, doulles a benvida en nome do conxunto da Corporación municipal a Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, alén da súa riqueza patrimonial, é un símbolo milenario de encontro cultural e de intercambio de coñecemento. Non se nos ocorre cidade máis acaída que a nosa para acoller un encontro da transcendencia mundial desta reunión ministerial de asuntos económicos da Unión Europea e de América.

Na difícil tarefa de deseñar as políticas macroeconómicas, non podo máis que desexarlles acerto para que as súas decisións acaden os obxectivos que nos orientan: achegármonos a un mundo máis xusto e sustentábel social, económica e ambientalmente.

Por iso quero aproveitar hoxe a súa presenza neste Pazo de Raxoi, a casa de todas as compostelás e composteláns, para reflexionarmos sobre a importancia de poñer no centro da toma de decisións, co maior dos convencementos e a máis firme determinación, o benestar das persoas e o futuro do planeta.

Permítanme que mencione a nosa realidade máis próxima. Como saben, Santiago de Compostela, ademais de ser un referente universal, é a capital de Galiza, un territorio con importantes recursos naturais e gran valor paisaxístico e ambiental. Contamos con preto de 1.500 km de costa, con dúas zonas de especial importancia xeolóxica recoñecidas co selo Xeoparque da UNESCO, as montañas do Courel e Cabo Ortegal, co 12% da nosa superficie protexida pola Rede Natura, coas máis de 9.000 hectáreas do Parque Natural das Fragas do Eume, considerado o bosque atlántico mellor conservado de Europa, e temos a fortuna de ser, parafraseando a Álvaro Cunqueiro, "o país dos mil

ríos". Xustamente Santiago de Compostela é unha cidade construída entre dous ríos, entre o Sar e o Sarela: o primeiro deles cantado de forma extraordinaria pola poeta máis universal que temos, Rosalía de Castro, e que ademais foi unha pioneira do ecoloxismo, denunciando unha tala de carballos na zona do Bosque do Banquete de Conxo, onde precisamente se sitúa o Carballo que foi elixido Árbore do Ano en España e recoñecido co segundo posto como Árbore Europea o pasado ano.

Mais tamén somos un territorio sometido a grandes ameazas. En nome da transición verde e enerxética, planifícase a instalación e explotación de novos parques eólicos, cando exportamos máis do 40% da enerxía eléctrica que producimos. Os noso territorio avanza aceleradamente no monocultivo do eucalipto para satisfacer as necesidades industriais. Os sectores produtivos vinculados á terra e ao mar ceden espazo fronte a un modelo económico cada día máis terciarizado, con consecuencias demográficas e de equilibrio territorial moi relevantes... Estamos vendo que o rendemento económico, o diñeiro en definitiva, prima sobre cuestións de vital importancia como a preservación da biodiversidade, do patrimonio natural e cultural, dos modelos de asentamento da poboación ou da propia vitalidade socioeconómica e cultural desta Galiza milenaria.

Podería engadir máis casos da planificación macro que afectan ao micro. As grandes decisións económicas e as regras fiscais que se establezan atinxen á nosa supervivencia cultural e natural e á vida da nosa xente. Mais sei que non é necesario entrar en tanto detalle para que entendan o sentido do que quero transmitirilles: que conceptos como "crecemento sustentábel", "eficiencia" ou "emerxencia climática" non poden deturparse e deben ser tratados con responsabilidade para aseguraren o futuro do planeta sen deixar de lado o día a día da cidadanía en condicións dignas e o equilibrio entre os diferentes territorios.

Aproveito para deixar constancia, unha vez máis, de que o noso compromiso e colaboración nunca vai faltar para traballar por estes obxectivos, mais tamén de que é necesario contar cun marco normativo e financeiro que permita ás institucións locais cumprir co noso cometido en ben da comunidade.

Pola miña parte, só fica desexar que este cumio sexa o máis frutífero posíbel e, sobre todo, que o seu impacto no noso futuro sexa na liña que acabo de mencionar. E recomendarlles, por suposto, que aproveiten a súa estadía para coñecernos, gozar da cidade, da extensa zona histórica, dos barrios, do noso rural, dos parques e sendeiros naturais, e que entren en contacto coa osa veciñanza e coa nosa identidade cultural. Asegúrolles que paga a pena. Moitas grazas.